

Escea nocturna

Fortes fríos que o Sol non abarca,
desertos secos sen sombra e só sol,
noite escura de reproches, coches chocando o redor,
lume, canso de quentar o teu corpo,
esgaza a túa pel, descobre os teus segredos.

Entra o frío pola ventá negra,
o branco luar que asoma atravésate,
na túa pel descansa a noite,
síntese o frío, e a calor,
que desprende o lume sobre o teu broche.

Observas como se esborralla,
tanta fachada superficial,
sae ó descuberto tanto medo,
que temes temerte,
e te sintes alleo a túa propia luz.

Que é a lúa que te reflexa,
o infinito sobre os teus ollos,
o azul da noite na estancia,
no centro, na cadeira, ti.

Sinto que desfalezco sobre a miña cama,
divago sobre como estarás,
se todavía estás sentado,

sen aceptarte, medindo o teu medo,

ou se deixarías a túa pel aberta,

e ollando á Lúa, devólveslle a mirada,

e sonríes co lume no espírito.

Nosce te ipsum.